

# PLAN ANUAL 2022

## MVMC DE COUSO—GONDOMAR



*landra*  
CONSULTORA FORESTAL

**LANDRA CONSULTORA FORESTAL S.L.**  
Rúa Aguia nº5, local 3 / 36205 Vigo  
886.13.56.38 / 649.39.74.17  
consultoraforestal@landra-cf.com

**CMVMC de Couso**  
**Xullo 2022**

## Contido do Plan anual

---

### Documento I: Memoria

<b>I.</b>	<b>REVISIÓN DO PLAN ANUAL 2021 .....</b>	<b>1</b>
I.1.	PLAN DE APROVEITAMENTOS .....	2
I.2.	PLAN DE MELLORAS .....	5
I.2.1.	Tratamentos silvícolas .....	5
I.2.2.	Repoboacións .....	8
I.2.3.	Infraestruturas .....	8
I.3.	EMPREGO DE PRODUTOS QUÍMICOS FORESTAIS .....	11
I.4.	ENFERMIDADES E PRAGAS .....	11
<b>II.</b>	<b>PLANIFICACIÓN ANO 2022 .....</b>	<b>12</b>
II.1.	PLAN DE APROVEITAMENTOS .....	12
II.2.	PLAN DE MELLORAS .....	18
II.2.1.	Tratamentos silvícolas .....	18
II.2.2.	Repoboacións .....	20
II.2.3.	Infraestruturas .....	22
II.2.4.	Actuacións sobre hábitats e especies das directivas “hábitats”, “aves” e catalogadas .....	22
II.3.	EMPREGO DE PRODUTOS QUÍMICOS FORESTAIS .....	22
II.4.	ESTADO XERAL DA UNIDADE DE XESTIÓN .....	23
II.5.	RISCO DE EROSIÓN E IMPACTO AMBIENTAL DOS TRABALLOS PLANIFICADOS .....	23
II.6.	NORMAS XERAIS NA UNIDADE DE XESTIÓN .....	24
II.7.	NORMAS XERAIS PARA O TRATAMENTO DOS RESTOS DE CORTA (LEI 7/2012 DE MONTES DE GALICIA) .....	26
II.8.	BALANCE ECONÓMICO .....	27

### Documento II: Estudo Básico de Seguridade e Saúde

### Documento III: Planos

O presente plan anual de traballos ven sendo o informe técnico anual dos traballos executados no ano 2021 e a planificación dos que se realizarán ao longo do ano 2022, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU a través do “Plan de recuperación, transformación e Resiliencia” e cofinanciado polo Feader no marco do PDR de Galicia.

## **I. REVISIÓN DA PLANIFICACIÓN DO ANO 2021**

En setembro do pasado ano 2021 redactouse o Plan Anual de Traballos no Monte Veciñal de Couso, como documento de síntese das actuacións que se debían desenvolver no monte veciñal ao longo do ano. En outubro do ano 2011 foi presentado perante a Consellería de Medio Rural o Proxecto de Ordenación do Monte Veciñal de Couso. Este foi aprobado e inscrito no rexistro de montes ordenados con data 8 de marzo de 2012 e número de rexistro 360109. O ano pasado foi presentada a primeira revisión do Proxecto de Ordenación, sendo finalmente aprobado con data de 18 de febreiro de 2022 con número de rexistro 360109-01.

O monte conta con certificación forestal FSC e PEFC, pertence ao Grupo SELGA Xestión Forestal Sostible.

Actualmente as actuacións contempladas na planificación seguen as indicacións especificadas na primeira revisión do Proxecto de Ordenación.

O pasado ano 2021 a C.M.V.M.C. de Couso executou unha serie de actuacións que se debían desenvolver no monte veciñal ao longo do ano. Unha vez realizadas as visitas de campo pertinentes comprobouse o grao de cumprimento dos traballos planificados o pasado ano e se redacta o presente plan facendo un resumo das actuacións realizadas en 2021 así como daquelas que quedaron pendentes de execución.

## I.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS

O Plan de aproveitamentos ven marcado polas cortas de mellora e rexeneración nas masas forestais da Comunidade. No ano 2021 realizouse unha corta de rexeneración, unha corta de mellora, e varias cortas extraordinarias.

### Cortas de rexeneración

Lote 1/2021 - O 14 de febreiro do ano 2021, celebrouse na Casa Veciñal de Couso a poxa da madeira dun lote de eucalipto (*Eucalyptus globulus*), “Lote 1: A Chan do Outeiro”, correspondente aos rodais 00202, 00203, 00204, 00250, 00802, do Cuartel 02: Os Remedios.

Na táboa que se presenta a continuación recóllese o adxudicatario, importe de taxación e importe de adxudicación na poxa:

Lote	Adxudicatario	Importe taxación	Importe adxudicación (sen IVE)
1/2021	Rogelio Piñeiro Vázquez e Hijos, S.L.	38.768,28	64.397,00
<b>Total</b>		<b>38.768,28 €</b>	<b>64.397,00 €</b>

Táboa 1: Adxudicación das cortas de rexeneración 2021.

O lote 1/2021 foi cortado durante o pasado ano 2021, sen existir ningún efecto ambiental destacable.

### Cortas de mellora

Lote Clara “Os Remedios” – Masa de eucalipto (*Eucalyptus globulus*), dunha superficie de 5,60 ha., correspondente ao rodal 00805, do Cuartel 02: Os Remedios. A madeira da clara de eucalipto será aproveitada como leña de uso doméstico, xa que é un dereito dos veciños e comuneiros de Couso polo que a partir de este ano ofertarase este servizo gratuitamente, sen beneficio económico para a Comunidade de Montes.

Lote Clara piñeiro 2019 - Masa de piñeiro (*Pinus pinaster*), dunha superficie de 6,80 ha., correspondente aos rodais 00605, 00606, 00607, 00608 e 00706, do Cuartel 03: San Cristovo. Os traballos planificáronse na superficie obxecto da subvención de traballos silvícolas en masas de

coníferas da Orde de subvencións do ano 2018 (exp. 14360074/2019) Nun primeiro lugar o lote foi adxudicado a empresa madeireira Explotaciones Forestales Souto Carrillo, S.L., con Nº de Resfor 00000986, o acordo cancelouse por demora excesiva á hora de executar os traballos e a venda da madeira realizarase en cargadoiro pola Comunidade de Montes tras solicitar unha prórroga con data de 21 de xuño de 2022, a prórroga concedeuse con data final de execución da corta o 5 de decembro de 2022. Os traballos reflexarase na planificación do ano 2022.

Lote Clara piñeiro 2020 – Masa de piñeiro (*Pinus pinaster*), dunha superficie de 7,85 ha., correspondente aos rodais 00707 e 00708, do Cuartel 03: San Cristovo. Os traballos planificáronse na superficie obxecto da subvención de traballos silvícolas en masas de coníferas da Orde de subvencións do ano 2019 (exp. 14360173/2020). Nun primeiro lugar o lote foi adxudicado a empresa madeireira Explotaciones Forestales Souto Carrillo, S.L., con Nº de Resfor 00000986, o acordo cancelouse por demora excesiva á hora de executar os traballos e a venda da madeira realizarase en cargadoiro pola Comunidade de Montes tras solicitar unha prórroga con data de 21 de xuño de 2022, polo que ditos traballos especificarase na planificación do ano 2022.

Lote Clara piñeiro 2021 – Masa de piñeiro (*Pinus pinaster*), dunha superficie de 4,22 ha., correspondente aos rodais 00301, 00401 e 00402, do Cuartel 03: San Cristovo. Os traballos planificáronse na superficie obxecto da subvención de traballos silvícolas en masas de coníferas da Orde de subvencións do ano 2020. Nun primeiro lugar o lote foi adxudicado a empresa madeireira Explotaciones Forestales Souto Carrillo, S.L., con Nº de Resfor 00000986, o acordo cancelouse por demora excesiva á hora de executar os traballos e a venda da madeira realizarase en cargadoiro pola Comunidade de Montes tras solicitar unha prórroga con data de 21 de xuño de 2022, polo que os dita corta de mellora especificarase na Planificación do ano 2022. Finalmente a subvención de axudas para tratamentos silvícolas non foi concedida e ditos rodais serán presentados de novo na próxima convocatoria.

### **Cortas extraordinarias**

No pasado ano 2021 realizáronse dúas cortas extraordinarias no monte de Couso.

Lote 2/2021 – Masa de piñeiro (*Pinus pinaster*), dunha superficie de 0,94 ha., correspondente ao rodal 00108, do Cuartel 03: San Cristovo. A corta xustifícase de cara ao proxecto de recuperación

de dúas zonas húmidas (presotes de rega en desuso) que engloban hábitats para a herpetofauna autóctona no lugar de As Laxeiras.

O lote 2/2021 foi cortado durante o pasado ano 2021, sen existir ningún efecto ambiental destacable.

Lote 3/2021 – Masa de eucalipto (*Eucalyptus globulus*), dunha superficie de 0,96 ha., correspondente ao rodal 00402, do Cuartel 02: Os Remedios. A corta xustifícase de cara ao cumprimento do establecido na lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no relativo á rede secundaria de xestión da biomasa entorno aos núcleos de poboación, neste caso concreto, os núcleos de O Outeiro e A Torre. O lote 3/2021 non foi cortado finalmente no ano 2021 e pasará a planificación do ano 2022 dentro das actuacións contempladas nas áreas de defensa.

A continuación se presenta unha táboa resumo dos datos derivados dos aproveitamentos de madeira realizados o pasado ano e os planificados que non chegaron a executarse:

LOTE	RODAL	Especie	Superficie (ha.)	Volume (m <sup>3</sup> )	Ingreso (€)	XUSTIFICACIÓN DESVIACIÓN PLAN XESTIÓN
<b>CORTAS DE REXENERACIÓN</b>						
1/2021	00202	<i>E.globulus</i>	3,18	1.078,38	64.397,00	Corta de rexeneración contemplada no PO
	00203					
	00204					
	00250					
	00802					
<b>TOTAL CORTAS DE REXENERACIÓN 64.397,00 €</b>						
<b>CORTAS DE MELLORA</b>						
Clara "Os Remedios"	00805	<i>E.globulus</i>	5,60	300,12	0,00	Traballo executado no ano 2021. Madeira para uso doméstico
<b>TOTAL CORTAS DE MELLORA: 0,00 €</b>						
<b>CORTAS EXTRAORDINARIAS</b>						
2/2021	00108	<i>E. globulus</i>	0,84	31,72	1.120,00	Creación de refuxios de fauna herpetolóxica autóctona
		<i>Pinus sp.</i>				
<b>TOTAL CORTAS DE EXTRAORDINARIAS: 1.120,00 €</b>						

**Táboa 2: Resumo dos aproveitamentos madeiros do ano 2021 executados.**

## I.2. PLAN DE MELLORAS

### I.2.1. Tratamentos silvícolas

Os tratamentos silvícolas levados a cabo durante o pasado ano 2021 foron rozas, destinadas a reducir o combustible vexetal, podas e tallas de formación, selección de abrochos e eliminación de eucalipto (*E.globulus*) e acacia (*A.melanoxylon*). Moitos dos traballos foron executados mediante as axudas de subvención que describiranse a continuación.

No ano 2020 a Comunidade de Montes de Couso solicitou para a realización de tratamentos silvícolas en masas de coníferas (Liña I) e frondosas (Liña II), as axudas establecidas na “*ORDE do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020*”, ditos traballos executáronse no ano 2021 e consistiron en:

Liña I - Mouteira de piñeiro do país (*Pinus pinaster*), de idade comprendida entre os 11-15 anos, correspóndese cos rodais 00707 e 00708 do Cuartel 03: San Cristovo, no Proxecto de Ordenación do M.V.M.C. de Couso (expediente 14360173/2020).

- Roza, poda do arborado ata unha altura mínima de 2 m e máxima de 4 m e a posterior eliminación de restos mediante a trituración, picadura ou extracción para o seu aproveitamento como biomasa.
- Rozas de superficies do anexo II da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, que poderían estar ocupadas por especies de frondosas do anexo I da lei e que son colindantes coa superficie obxecto de solicitude de axuda. Respetaranse os pes existentes de frondosas.

Laxes Ambiental, S.L. foi a empresa adxudicataria da obra, emitíronse dúas facturas que xustifican a realización dos traballos silvícolas:

Nº Factura	Data	Base imponible	Total con IVE
003/2021	30/01/2021	4.644,18 €	5.108,60 €
012/2021	26/02/2021	9.281,71 €	10.209,88 €

Táboa 3.Importe final dos traballos executados (Liña I).

Fotografías tomadas unha vez executados os traballos na mouteira de piñeiro do país:



Fotografías nº1 y nº2: traballos de roza e detalle da poda

Liña II - Mouteiras de castiñeiro (*Castanea x hybrida*), de idade comprendida entre os 11-15 anos, correspóndese cos rodais 00302 e 00303 (mouteira 1) e cos rodais 00205, 00207, 00208, 00209, 00210 e 00211 (mouteira 2) do Cuartel 03: San Cristovo, do Proxecto de Ordenación do M.V.M.C. de Couso (expediente 14360174/2020).

- Roza, poda de formación de guías e clareos.


Laxes Ambiental, S.L. foi a empresa adxudicataria da obra, emitíronse dúas facturas que xustifican a realización dos traballos silvícolas:

Nº Factura	Data	Base imponible	Total con IVE
030/2021	30/04/2021	8.643,95 €	9.508,35 €
045/2021	28/06/2021	2.348,64 €	2.583,50 €

Táboa 4. Importe final dos traballos executados (Liña II).



Fotografías tomadas unha vez executados os traballos nas mouteira de castiñeiro:



Fotografías nº3 e nº4: traballos de roza e poda nas masas de castiñeiro (*C.x hybrida*)

A continuación faise unha breve descrición de cada un dos traballos realizados:

RODAL	Superficie (ha.)	Actuación	Adxudicatario	Importe (€)	Efectos ambientais/sociais
00707	7,85	Roza, poda e trituración de restos en masas de coníferas ( <i>P.pinaster</i> ). Rozas de superficies do anexo II da Lei 7/2012	Laxes Ambiental, S.L.	14.301,51 (Subvencionado 100%)	Prevención, redución do risco de incendios e mellora do estado da masa
00708					
00205	7,51	Roza, poda ata 1/3 da altura e desmestas en zonas de maior densidade en masas de frondosas ( <i>C.x hybrida</i> )	Laxes Ambiental, S.L.	11.351,94 (Subvencionado 100%)	Prevención, redución do risco de incendios e mellora do estado da masa
00207					
00208					
00209					
00210					
00211					
01108	2,16	Roza na plantación de froitos vermellos	Medios propios	756,28	Mantemento do aproveitamento
00201	0,67	Roza mecanizada con apoio manual e eliminación de acacia	Medios propios	1.188,00	Eliminación de especies exóticas invasoras
00202	0,70			1.260,00	
01004	0,71	Eliminación mecánica de eucalipto	Medios propios	0,00	Control da vexetación
01006	1,64				
00204	0,68	Roza mecanizada con apoio manual e poda	Medios propios	1.326,00	Control da vexetación arbustiva e redución do risco de incendios
103	2,02	Roza manual	Medios propios	6.108,00	Control da vexetación arbustiva e redución do risco de incendios
104	0,51			612,00	
106	0,20			240,00	
205	1,46			1.752,00	
303	0,56			672,00	

**Táboa 5. Resumo dos tratamentos silvícolas executados.**

### **I.2.2. Repoboacións**

Durante o pasado ano 2021 non se realizaron traballos de repoboación na Comunidade de Montes.

### **I.2.3. Infraestruturas**

Durante o pasado ano 2021 levouse a cabo o arranxo de 2,48 km. De pistas forestais no Monte de San Cristovo (Cuartel 03).

Tamén se instalou un valado de madeira tratada e dous conxuntos de mesas con bancos para acondicionar area recreativa de Pisqueiras (Cuartel 03).

#### I.2.4. Prevención de incendios

O ano 2020 a Comunidade de Montes de Couso solicitou la subvención ao abeiro da “Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020, e se convocan para o ano 2020” (DOG nº 34 do 19 de febreiro de 2020) (expediente 02360177/2020), para a realización dos seguintes traballos:

- Áreas de devasa - Roza mecanizada do mato a feito con rozadora de cadeas ou similar en áreas devasa.
- Faixas auxiliares de pista - Roza mecanizada, con rozadora de cadeas, do estrato arbustivo e subarbustivo, na plataforma das vías e camiños.
- Faixas auxiliares de pista - Roza mecanizada, con rozadora de brazo, do estrato arbustivo e subarbustivo, nos 2,5 metros das marxes das vías e camiños.
- Roza superficial de penetración e rareo das entrefaixas de masas forestais e eliminación mediante trituración con rozadora de martelos ou similar dos restos, no resto da superficie.

Os traballos nas faixas auxiliares de pista consistiron na eliminación nas marxes de vías e camiños forestais, do estrato arbustivo e subarbustivo, en 2,5 metros en cada marxe da pista, incluíndo a roza de gabias e noiros, e foron executados entre os meses de xaneiro e febreiro de 2021.

Nas áreas de devasa realizouse unha roza mecanizada do mato con rozadora de cadeas acoplada a tractor forestal. Os traballos nas áreas devasas foron realizados entre os meses de abril e maio de 2021.

Os traballos de roza superficial de penetración e rareo das masas forestais con eliminación de restos, consistiron na roza manual e o rareo manual selectivo, sendo os restos con punta grossa superior a 6 cm. triturados in situ, picados a menos de 50 cm. de lonxitude e homoxeneamente distribuídos co obxecto de defender a masa forestal e ao mesmo tempo diminuír a densidade de pés e facela viable. Os traballos nas masas forestais naturais foron realizados entre os meses de xaneiro e febreiro de 2021.

Estas actuacións teñen como obxectivo reducir o risco de lumes forestais mediante a redución do combustible forestal e, no caso de habelos, diminuír o dano que este poida causar as masas de forestais, o mesmo tempo que aumenta o seu valor produtivo.

Os traballos comezaron o 15 de xaneiro de 2021 e remataron o 25 de maio de 2021. A Comunidade de Montes de Couso realizou os traballos a través da contratación da empresa de Laxes Ambiental con CIF B36452449.



**Fotografía nº5 e nº6: área de devasa (superior) e roza, rareo e trituración de restos en mouteira de eucalipto (inferior).**

A continuación faise unha breve descrición de cada un dos traballos realizados:

<b>RODAL</b>	<b>Superficie (ha.)</b>	<b>Actuación</b>	<b>Adxudicatario</b>	<b>Importe (€)</b>	<b>Efectos ambientais/sociais</b>
Faixa auxiliar de pista	1,21	Roza mecanizada, con rozadora de brazo, do estrato arbustivo e subarbustivo, nos 2,5 metros das marxes das vías e camiños.	Laxes Ambiental, S.L.	592,98 (Subvencionado 100%)	Prevención e redución do risco de incendios
Faixa auxiliar de pista	0,15	Roza mecanizada, con rozadora de cadeas, do estrato arbustivo e subarbustivo, na plataforma das vías e camiños.	Laxes Ambiental, S.L.	61,37 (Subvencionado 100%)	Prevención e redución do risco de incendios
Área de devasa	1,56	Roza mecanizada do mato a feito con rozadora de cadeas ou similar en áreas devasa.	Laxes Ambiental, S.L.	638,20 (Subvencionado 100%)	Prevención e redución do risco de incendios
00603	6,28	Roza superficial de penetración e rareo das entrefaixas de masas forestais e eliminación mediante trituración con rozadora de martelos ou similar dos restos, no resto da superficie.	Laxes Ambiental, S.L.	5.455,00 (Subvencionado 100%)	Prevención e redución do risco de incendios
00805					

**Táboa 6. Execución de traballos en materia de prevención de incendios.**

### **I.2.5. Outras actuacións**

Anualmente o persoal contratado pola Comunidade de Montes de Couso realiza as labores de mantemento e recollida de froitos vermellos e setas shiitake en sendas instalacións nos montes de San Cristovo e As Rasas, respectivamente.

### **I.3. EMPREGO DE PRODUTOS QUÍMICOS FORESTAIS**

Durante o ano 2021 non se empregaron produtos químicos na superficie da Comunidade de Montes.

### **I.4. ENFERMIDADES E PRAGAS**

Non se observaron enfermidades nin pragas no monte veciñal.

## II. PLANIFICACIÓN ANO 2022

Unha vez realizadas as visitas de campo pertinentes e tendo en conta o estado actual da unidade de xestión se planifican unha serie de traballos para o presente ano 2022, debe terse en conta que esta planificación pode sufrir algunha pequena desviación por motivos xustificadas dos que, de ser necesario, se deixará constancia no plan do próximo ano 2023. Os traballos propostos na planificación do ano 2021 que non chegaron a executarse, expóranse no Plan Anual do ano 2022.

Os traballos do Plan Anual 2022 seguen as actuacións planificadas na última revisión do instrumento de xestión forestal da Comunidade de Montes, o Proxecto de Ordenación foi aprobado o 18 de febreiro de 2022, con vixencia ata o 31 de decembro do ano 2030 inclusive e número de rexistro 360109-01.

### II.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS

O plan de aproveitamentos dun plan anual queda definido polas cortas de rexeneración e cortas de mellora que se van realizar no monte veciñal durante ese ano.

#### Corta de rexeneración

A poxa da madeira das cortas de rexeneración contempladas no Proxecto de Ordenación da Comunidade de Montes de Couso celebrouse con data de 30 de xaneiro de 2022 na Casa Veciñal de Couso. Os tres lotes (lote 1/2022, 2/2022 e 3/2022) foron adxudicados a empresa Rogelio Piñeiro Vázquez e Hijos, S.L. con C.I.F: B-36032027.

Lote 1/2022 – Corta a feito de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) na unidade de actuación 143 do Cuartel 003, parcela “Os Remedios e Castro”, cunha superficie de 2,43 ha.



Fotografía nº7: corta de rexeneración lote 1/2022 de eucalipto en UA 143.

Lote 2/2022 – Corta a feito de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) na unidade de actuación 160 do Cuartel 004, parcela “San Cristovo”, cunha superficie de 2,21 ha.



Fotografía nº8: corta de rexeneración lote 2/2022 de eucalipto en UA 160.

Lote 3/2022 – Corta a feito de piñeiro (*Pinus pinaster*) nas unidades de actuación 219 do Cuartel 004, parcela “San Cristovo”, e 250 do Cuartel 005, parcela “San Cristovo”, cunha superficie de 1,43 ha.



**Fotografía nº9: cargadoiro da corta de rexeneración (por permiso de declaración responsable) de parte do lote 3/2022 de pino en UA 219 e 250.**

Lote Cristovo-Tebra - Corta a feito de eucalipto (*E.globulus*) na unidade de actuación 207 do Cuartel 004, parcela “San Cristovo”, cunha superficie de 3,44 ha. O aproveitamento está contemplado no Proxecto de Ordenación da Comunidade e a venda da madeira efectuarase en cargadoiro polo titular.

### **Corta de mellora**

Clara-Eg - Clara en masa de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) na unidade de actuación 115 e 114 do Cuartel 003, parcela “Os Remedios e Castro”, cunha superficie de 3,39 ha. O aproveitamento está contemplado no Proxecto de Ordenación da Comunidade e a venda da madeira efectuarase en cargadoiro polo titular.

Durante este ano 2022 esperan executarse as cortas de melloras planificadas no ano 2021 que foron obxecto de prórroga pola imposibilidade de realizar os traballos, que foron o lote “Lote Clara Sub.Silvicultura 2019” o “Lote Clara Sub.Silvicultura 2020” e o “Lote Clara Sub.Silvicultura 2021”



### **Corta extraordinaria**

Corta-Am - Corta extraordinaria de varios pés de acacia negra (*Acacia melanoxylon*), nas unidades de actuación 236 e 237 do Cuartel 005, parcela “Os Remedios e Castro”, nunha superficie de 0,29 ha. Aínda que no Proxecto de Ordenación non se recolle expresamente a corta das acacias nestas unidades de actuación, sí que se di no apartado de Outras especificacións que adoptaranse as medidas necesarias para o control e erradicación das especies exóticas invasoras no ámbito territorial do monte, evitando así a súa propagación a terreos colindantes. Os pés de acacia negra venderanse en cargadoiro polo titular do aproveitamento.

Durante o presente ano se han solicitado varias cortas para a creación de áreas de defensa onde se ha planificado a plantación de frondosas caducifolias.

AD-1 – Corta a feito dunha masa de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) na unidade de actuación 243 do Cuartel 005, parcela “Os Remedios e Castro” cunha superficie de 0,87 ha. A madeira venderase en cargadoiro.

AD-2 – Corta a feito dunha masa de eucalipto e piñeiro (*Eucalyptus globulus* e *Pinus pinaster*), con presenza de pés illados de acacia negra (*Acacia melanoxylon*), nas unidades de actuación 009, 010, 164, 165, 169, 226, 227, 228, 230, 238, 239 e 244 do Cuartel 005, parcela “Os Remedios e Castro” cunha superficie de 4,78 ha. A madeira venderase en cargadoiro.

AD-3 – Corta a feito dunha masa de eucalipto e piñeiro (*Eucalyptus globulus* e *Pinus pinaster*), nas unidades de actuación 009, 010, 180, 249 e 250 do Cuartel 005, parcela “Os Remedios e Castro” cunha superficie de 1,74 ha. A madeira venderase en cargadoiro.

AD-4 – Corta a feito dunha masa de eucalipto e piñeiro (*Eucalyptus globulus* e *Pinus pinaster*), na unidade de actuación 010 e 249 do Cuartel 005, parcela “Os Remedios e Castro” cunha superficie de 0,25 ha. A madeira venderase en cargadoiro.

Táboa resumo do plan de aproveitamentos no ano 2022:

LOTE	UA	Especie	Superficie (ha.)	Volume (m <sup>3</sup> )	Ingreso previsto (€)	XUSTIFICACIÓN DESVIACIÓN PLAN XESTIÓN
<b>CORTAS DE REXENERACIÓN</b>						
1/2022	143	<i>E.globulus</i>	2,43	659,77	35.387,00	Aproveitamento contemplado no PO
2/2022	160	<i>E.globulus</i>	2,21	597,33	31.870,00	Aproveitamento contemplado no PO
3/2022	219	<i>P.pinaster</i>	1,43	277,89	16.870,00	Aproveitamento contemplado no PO
	250					
Cristovo - Tebra	207	<i>E.globulus</i>	3,44	504,06	-	Aproveitamento contemplado no PO para o ano 2029
<b>TOTAL CORTAS DE REXENERACIÓN 84.127,00 €</b>						
<b>CORTAS DE MELLORA</b>						
Clara-Eg	115	<i>E.globulus</i>	3,39	153,79	2.500,00	Aproveitamento contemplado no PO
	114					
Clara piñeiro 2019	003	<i>P.pinaster</i>	6,80	153,00	2.026,50	Corta de mellora para executar no ano 2020 e solicitada prórroga hasta 2022
	020					
	037					
	040					
	200					
	204					
	264					
	274					
Clara piñeiro 2020	003	<i>P.pinaster</i>	7,85	197,04	2.608,50	Corta de mellora para executar no ano 2021 e solicitada prórroga hasta 2022
	040					
	201					
	203					
	274					
	275					
Clara piñeiro 2021	188	<i>P.pinaster</i>	4,22	105,92	1.402,50	Corta de mellora para executar no ano 2021 e solicitada prórroga hasta 2022
	189					
	196					
	226					
<b>CORTAS EXTRAORDINARIAS</b>						
Corta-Am	236	<i>A.melanoxylon</i>	0,29	16,81	488,16	Eliminación de especies exóticas invasoras
	237					
AD-1	243	<i>E.globulus</i>	0,87	6,30	243,94	Creación de áreas de defensa. Prevención e diminución do risco de incendios forestais e control e eliminación de especies exóticas invasoras.
	248					
AD-2	009	<i>E.globulus, P.pinaster e A.melanoxylon</i>	4,78	1.213,69	46.994,08	
	010					
	164					
	165					
	169					

LOTE	UA	Especie	Superficie (ha.)	Volume (m <sup>3</sup> )	Ingreso previsto (€)	XUSTIFICACIÓN DESVIACIÓN PLAN XESTIÓN
	226					
	227					
	228					
	230					
	238					
	239					
	244					
AD-3	009	<i>E.globulus e P.pinaster</i>	1,74	466,39	18.058,62	
	010					
	180					
	249					
	250					
AD-4	010	<i>E.globulus e P.pinaster</i>	0,25	63,65	2.464,53	
	249					

Táboa 7. Plan de aproveitamentos previsto para o ano 2022.

## II.2. PLAN DE MELLORAS

### II.2.1. Tratamentos silvícolas

Os traballos silvícolas propostos para realizar durante o presente ano 2022 baséanse na execución de podas, rozas de cara a reducir o combustible vexetal e polo tanto dificultar o avance do lume e selección de abrochos de eucalipto (*E.globulus*), ademais de tratamentos na vexetación de ribeira para mellorar e manter a masa, e os coidados das plantacións de cerdeiras e nogueiras.

A Comunidade de montes solicitou no presente ano as axudas de subvención da *“ORDE do 31 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022.”*, para a execución de traballos tanto en masas de coníferas (Liña I), como en masas de frondosas (Liña II).

Liña I – Traballos de roza, poda e trituración nunha superficie de piñeiro do país (*Pinus pinaster*) de 11-15 anos de idade, nas unidades de actuación 003, 184, 188, 189, 196 e 226 do Cuartel 004, parcela “San Cristovo”, a superficie total de actuación é de 8,41 ha. Ditos traballos están recollidos no Proxecto de Ordenación da Comunidade de Montes.

Liña II – Traballos de roza, poda ata 1/3 da altura e desmesta en zonas onde a densidade da masa sexa maior nunha superficie ocupada por mestura de frondosas caducifolias de castiñeiro, carballo e carballo americano (*C.sativa*, *C.x hybrida*, *Q.robur* e *Q.rubra*) de 16-20 anos de idade, na unidade de actuación 043 do Cuartel 002, parcela “As Rasas”, a superficie total de actuación é de 4,47 ha. Ditos traballos seguen as indicacións dos modelos silvícolas recollidos no Proxecto de Ordenación de Couso.

Por outra banda, fora das subvencións de axudas, a Comunidade de Montes ten planificado para o presente ano as actuacións de mellora indicadas na táboa resumo:

**Plan anual de traballos no Monte Veciñal de Couso – Gondomar. Xullo 2022**

UA	Superficie (ha.)	Actuación	Adxudicatario	Importe previsto (€)	Efectos ambientais/sociais
003	8,41	Roza, poda e trituración de restos en masas de coníferas ( <i>P.pinaster</i> ). Rozas de superficies do anexo II da Lei 7/2012	Laxes Ambiental, S.L.	15.157,91 (Subvención pendente de aprobación)	Prevención do risco de incendios e mellora do estado da masa
184					
188					
189					
196					
226					
043	4,47	Roza, poda ata 1/3 da altura e desmestas en zonas de maior densidade en masas de frondosas (mestura de <i>C.sativa</i> , <i>C.x hybrida</i> , <i>Q.robur</i> e <i>Q.rubra</i> )	Laxes Ambiental, S.L.	9.342,61 (Subvención pendente de aprobación)	Prevención do risco de incendios e mellora do estado da masa
156	1,26	Conservación bosques de ribeira	Medios propios	2.744,00	Mellora dos ecosistemas de ribeira para o coidado da vexetación e a calidade das augas
234	2,87	Traballos silvícolas na plantación de nogueiras ( <i>J.regia</i> )	Medios propios	6.232,457	Mantemento e mellora da plantación. Produción de froitos de calidade
172	0,81	Roza	Medios propios	1.073,95	Redución do combustible vexetal
174	1,27				
125	2,41	Roza e poda en masa de piñeiro ( <i>P.pinaster</i> )	Medios propios	4.661,82	Mantemento e mellora da plantación. Produción de madeira de calidade
187	1,06				
195	0,41				
064	0,07	Roza e poda de formación en plantación de cerdeiras ( <i>P.avium</i> )	Medios propios	1.535,08	Mantemento e mellora da plantación.
235	1,43				
117	0,57	Roza e reposición de marras en masa de coníferas ( <i>P.pinaster</i> )	Medios propios	3.093,44	Mantemento e mellora da plantación
123	0,86				
124	2,37				
222	2,16	Roza na plantación de froitos vermellos	Medios propios	756,28	Mantemento e mellora da plantación. Produción de froitos de calidade
140	5,28	Selección de abrochos de eucalipto ( <i>E.globulus</i> )	Medios propios	3.652,71	Mellora do rexenerado
Pisqueiras	0,33	Roza mecanizada	Medios propios	170,00	Control da vexetación

**Táboa 8. Planificación de tratamentos silvícolas para o ano 2022.**

## II.2.2. Repoboacións

O presente ano 2022 a Comunidade de montes planifica a repoboación con piñeiro no Cuartel 003, e a creación de áreas de defensa mediante a plantación de frondosas caducifolias.

Na seguinte táboa recóllense os traballos de repoboación propostos:

UA	Superficie (ha.)	Especie a plantar	Adxudicatario	Importe previsto (€)	Efectos ambientais/sociais
129	0,91	Repoboación con piñeiro do país ( <i>P. pinaster</i> )	Medios propios	1.733,93 €	Aumento do arborado
146	0,83			1.589,53 €	
240	0,50	Repoboación frondosas - AD-1	Medios propios	30.396,00 €	Prevenición e redución do risco de incendios forestais ao crear áreas de defensa na interface urbano-forestal. Aumento da diversidade da flora con frondosas caducifolias
243	0,31	Repoboación frondosas - AD-2			
243	0,33	Repoboación frondosas - AD-3			
238	0,86	Repoboación frondosas - AD-4			
239	0,07	Repoboación frondosas - AD-5			
009	0,03	Repoboación frondosas - AD-6			
010	0,27	Repoboación frondosas - AD-7			
244	0,25	Repoboación frondosas - AD-8			
245	0,17	Repoboación frondosas - AD-9			
246	0,37	Repoboación frondosas - AD-10			
280	0,37	Repoboación frondosas - AD-11			
247	0,80	Repoboación frondosas - AD-12			
248	0,75	Repoboación frondosas - AD-13			
154	0,44	Repoboación frondosas - AD-14			
249	0,42	Repoboación frondosas - AD-15			
164	1,16	Repoboación frondosas - AD-16			
165	0,85	Repoboación frondosas - AD-17			
254	0,13	Repoboación frondosas - AD-18			
254	1,13	Repoboación frondosas - AD-19			
169	0,51	Repoboación frondosas - AD-20			
180	0,07	Repoboación frondosas - AD-21			
225	0,07	Repoboación frondosas - AD-22			
226	0,30	Repoboación frondosas - AD-23			
227	0,40	Repoboación frondosas - AD-24			
228	0,08	Repoboación frondosas - AD-25			
230	0,32	Repoboación frondosas - AD-26			
231	0,15	Repoboación frondosas - AD-27			
270	0,42	Repoboación frondosas - AD-28			
009	0,10	Repoboación frondosas - AD-29			
010	0,26	Repoboación frondosas - AD-30			

Táboa 9. Repoboacións propostas para o ano 2022.

### II.2.3. Prevención de incendios

Durante o presente ano 2022 a Comunidade de Montes executou os traballos solicitados ao abeiro da “Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020, e se convocan para o ano 2021” (DOG nº 31 do 16 de febreiro de 2021), en materia de prevención de incendios (expediente 02360070/2021), para a realización dos seguintes traballos:

- Roza mecanizada en rexenerado forestal natural.
- Faixas auxiliares de pista - Roza mecanizada, con rozadora de brazo ou similar.

Os traballos comezaron o día 23 de marzo de 2022 e remataron o día 30 de maio de 2022.

UA	Superficie (ha.)	Actuación	Adxudicatario	Importe previsto (€)	Efectos ambientais/sociais
Faixa auxiliar de pista	0,95	Faixas auxiliares de pista - Roza mecanizada, con rozadora de brazo ou similar.	Laxes Ambiental, S.L.	465,57 (Subvencionado 100%)	Prevención e redución do risco de incendios
147	2,25	Roza mecanizada en rexenerado forestal natural.	Laxes Ambiental, S.L.	1.129,10 (Subvencionado 100%)	Prevención e redución do risco de incendios
158	2,75				
095	0,17	Roza manual	Medios propios	204,00	Prevención e redución do risco de incendios
096	0,12			144,00	
099	0,20			240,00	
100	0,59			708,00	
101	0,19			228,00	
270	0,39			468,00	
271	0,63			756,00	
272	0,07			84,00	
273	0,20			240,00	
003	0,16			Roza mecanizada	
103	0,05	20,46			
229	0,08	32,73			
007	0,06	24,55			
014	0,26	106,37			
016	0,02	8,18			
071	0,98	400,92			

Táboa 10. Previsión de traballos en materia de prevención de incendios na planificación do ano 2022.

#### II.2.4. Infraestruturas

Se planifica para este ano 2022 segundo os traballos do Proxecto de Ordenación da Comunidade, a mellora do punto de auga, correspondente a unidade de actuación 075 do Cualtel 001, monte “Os Remedios”.

#### II.2.5. Actuacións sobre hábitats e especies das directivas “hábitats”, “aves” e catalogadas

Non se realizará ningunha actuación neste tipo de hábitats.

### II.3. EMPREGO DE PRODUTOS QUÍMICOS FORESTAIS

O longo do ano 2022 se programa a aplicación de tratamentos fitocidas en varios rodais da superficie da Comunidade de Montes.

UA	Superficie (ha.)	Actuación	Adxudicatario	Importe previsto (€)	Efectos ambientais/sociais
067	0,17	Tratamento fitocida para a eliminación de especies exóticas invasoras, na súa maioría especies do xénero acacia ( <i>A.dealbata</i> e <i>A.melanoxydon</i> )	Medios propios	1.960,97	Control de invasoras, co uso adecuado do produto evitarase excesivo impacto no medio
069	0,04				
089	0,32				
090	0,78				
110	0,03				
155	0,75				
178	0,33				
197	0,49				
198	0,32				

Táboa 11. Posibles zonas para o emprego de produtos químicos forestais (fitocidas), no ano 2022.

O tratamento realizarase mediante o emprego herbicida sistémico no residual que conteña como principio activo GLIFOSATO 36%, Touchdown Premium. A dose de aplicación será de 0,5 l diluídos nun bidón de 25 l. o que supón unha dose de 2%. O método de aplicación será mediante pulverización con mochila. O tratamento realizarase nos días sen choiva e con pouco vento para evitar derivas.



#### **II.4. ESTADO XERAL DA UNIDADE DE XESTIÓN**

O estado xeral da unidade de xestión é bo. Durante as visitas realizadas para a definición dos traballos e cortas a realizar no presente ano, comprobouse que o estado sanitario das masas que se desenvolven no monte veciñal é bo, sen presenza de síntomas de enfermidades ou pragas.

A afección do *Gonipterus scutellatus* nas masas de eucalipto é leve, cunha porcentaxe de defoliación leve (12%) que non compromete a saúde e vitalidade do arborado polo que non se prevé polo momento realizar ningunha intervención. As masas de frondosas non presentan ningún tipo de dano aparente. Observase unha importante mellora nas masas de piñeiro rexeneradas tralo lume do ano 2005, logo da realización de numerosos tratamentos silvícolas e a eliminación do eucalipto que rexenerou polo interior destas masas e que durante os derradeiros anos tense tratado para a súa completa eliminación.

#### **II.5. RISCO DE EROSIÓN E IMPACTO AMBIENTAL DOS TRABALLOS**

##### **PLANIFICADOS**

Os traballos planificados non supoñen en ningún caso que poidan causar danos de carácter medioambiental ou económico.

Os terreos nos que se van realizar os traballos e aproveitamentos non presentan a priori problemas para a súa rexeneración. A pendente e as propias características do terreo non fan prever problemas de erosión.

## II.6. NORMAS XERAIS NA UNIDADE DE XESTIÓN

A continuación aparecen unha serie de normas a ter en conta nos traballos a realizar na unidade de xestión:

- Con carácter xeral débense respectar todos os cursos de auga, así como a vexetación asociada aos mesmos. Débese vixiar calquera actividade ou explotación que se realice próxima a cursos de auga.
- Non se deben localizar nas proximidades dos leitos as seguintes actividades: establecemento de parques de madeira, almacenamento de produtos fitosanitarios nin de residuos, reparación de maquinaria, e non se lavará ningún tipo de envase nin equipo en cursos de auga. Tampouco se atravesarán directamente con maquinaria pesada, como tractores, autocargadores, etc, excepto nas zonas acondicionadas para iso.
- Débese evitar o uso de maquinaria pesada nas marxes dos arrosios nunha franxa de polo menos 5 metros a cada lado do leito.
- Para operar máquinas en monte empregarase, na medida do posible, persoal especializado no ámbito forestal. En caso contrario dotarase ao persoal da formación necesaria.
- En caso de subcontratar obras ou servizos a un terceiro velarase por que se realicen os traballos de acordo á planificación realizada. Prestarase especial atención no caso de que as empresas subcontratadas non posúan experiencia en traballos forestais.
- As empresas de servizos deberán contar cun sistema de tratamento de residuos industriais tales como aceites de motor. Os residuos perigosos non se poden mesturar con outros residuos, nin tampouco entre eles. Os residuos urbanos xerados polos traballadores deben ser recollidos en bolsas, para o seu posterior depósito nas infraestruturas urbanas dispostas para ese efecto.
- En caso de vertedura accidental de residuos perigosos, extraerase a capa de terra afectada e depositarase nun recipiente adecuado para o seu posterior tratamento.

### Rozas

- Terase coidado á hora de afrontar este labor e coñecer as particularidades do terreo para rozar, xa que a maleza pode esconder infraestruturas como pozos ou buracos que non son visibles polos operarios, e que poden derivar en accidentes de gravidade.
- Nos primeiros anos das plantacións, as rozas liberan ás pequenas plantas da competencia con outros vexetais polos nutrientes do chan, a luz e a auga. Tamén se pode rozar baixo o

arboledo adulto con diversos fins, como reducir o risco de incendios ou mellorar a accesibilidade ao monte para realizar outros labores.

- As rozas mecanizadas realizaranse en épocas e na maneira en que non afecten á fauna silvestre e antes das épocas de perigo de incendios forestais.
